



UNIVERSIDADE  
DE VIGO



CONFEDERACIÓN  
EMPRESARIAL  
DE OURENSE

**CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN  
ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO  
E  
A CONFEDERACIÓN EMPRESARIAL DE OURENSE**

Ourense, 2 de Xuño de 2015

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Salustiano Mato de la Iglesia, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia núm. 47/2014, de 24 de abril, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 79, del 25 de abril de 2014, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, de 14 de xaneiro e publicados no DOG núm. 21, de 2 de febreiro de 2010 (BOE nº 69 de 20 de marzo de 2010). Con enderezo en Campus universitario, 36310 Vigo.

De outra, D. Jose Manuel Pérez Canal, con DNI 34.947.822-N, na súa condición de Presidente da Confederación Empresarial de Ourense, con CIF G-32012742 e domicilio social en Praza das Damas, nº. 1 – 32005 Ourense

Recoñécense entre si con capacidade xurídica suficiente e poder dabondo para obrigarse neste Convenio e, a tal efecto,

**EXPOÑEN**

I.- Que ambas as dúas partes consideran de interese común promover a cooperación e a colaboración para o desenvolvemento da transferencia de coñecemento ao tecido produtivo da provincia de Ourense, na procura dunha aplicación práctica do Coñecemento para o beneficio da sociedade.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

ceo

CONFEDERACIÓN  
EMPRESARIAL  
DE OURENSE

II.- Que constitúe un desexo común para ambas as dúas institución a sinatura dun convenio que instrumente e regule as súas relacións mediante a eventual subscripción de convenios específicos.

En virtude do exposto, as partes manifestan a súa vontade común de subscribir este convenio marco de colaboración, de acordo coas seguintes

### CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.-** O obxecto deste convenio consiste en regular a colaboración entre a Universidade de Vigo e a Confederación Empresarial de Ourense.

**SEGUNDA.-** O propósito deste convenio consiste en realizar conxuntamente actividades e proxectos en todo tipo de asuntos que resulten de interese para as institucións que representan. De entre estas actividades, de forma enunciativa pero non limitada, menciónanse as seguintes:

- 1.- Desenvolvemento de proxectos de innovación e de transferencia do coñecemento.
- 2.- Organización e realización de todo tipo de actividades de divulgación inter-institucional nas áreas anteriormente resinadas, tales como cursos, conferencias, simposios ou seminarios.
- 3.- Apoio a inventores, investigadores e estudantes.
- 4.- Intercambio e colaboración en todo tipo de proxectos innovadores e/ou sociais de interese común.
- 5.- Cantas outras sexan consideradas de interese mutuo, dentro das disponibilidades das partes e consonte a legalidade establecida na normativa de contratación do sector público.

**TERCEIRA.-** Cada unha das partes comprométese a non difundir, baixo ningún aspecto, as informacións de alcance científico-técnico no desenvolvemento dos proxectos de investigación que se leven ao cabo.

Os datos e informes obtidos durante a realización dos proxectos conxuntos, así como os resultados finais, terán carácter confidencial. Cando unha das partes desexe utilizar os resultados parciais ou finais, en parte ou na súa totalidade, para a súa divulgación e/ou promoción, deberá solicitar a conformidade da outra parte por escrito, mediante carta certificada dirixida ao responsable do seguimento do proxecto.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO



CONFEDERACIÓN  
EMPRESARIAL  
DE OURENSE

Calquera que sexa o modo de difusión, respectará sempre a mención dos/das autores/as do traballo ou do resultado da colaboración conxunta. No caso de patentes, estes/estas figurarán en calidade de inventores/as. En calquera caso, fará sempre referencia especial a este convenio.

**CUARTA.-** Constituirase unha comisión mixta, con representantes designados/as polos órganos reitores de ambas as dúas partes en réxime de paridade. A devandita comisión será o órgano de planificación, seguimento e avaliación das accións derivadas deste convenio marco, e entenderá e resolverá todas as cuestións relacionadas con el e cos convenios específicos. A comisión mixta reunirse sempre que o solicite unha das dúas partes e, aló menos, unha vez ao ano, elevará informes e propostas aos órganos reitores de ambas as dúas partes.

**QUINTA.-** A celebración deste convenio marco non supón gasto algún para ningunha das partes asinantes, motivo polo cal non precisa consignación orzamentaria específica.

**SEXTA.-** Cada un dos programas concretos de colaboración entre ambas as dúas partes requirirá da elaboración dun convenio e/ou programa específico no que se determinaría:

1. A definición do obxectivo que se persigue.
2. A descrición do programa de traballo, con indicación das súas distintas fases e do correspondente programa.
3. A formulación e aprobación do orzamento total asignado e, de ser o caso, a conseguinte partida orzamentaria.
4. A relación das persoas que interveñen nel.
5. No caso de accións de transferencia conxuntas, estableceranse as bases de entendemento para a divulgación e/ou promoción de resultados, recoñecemento de créditos a inventores/as, así como a forma de rexistro e de participación no relativo aos dereitos da propiedade industrial e intelectual.
6. Calquera outro aspecto que se considere relevante.

**SÉTIMA.-** Este convenio empezará a producir efectos a partir da data da súa sinatura e terá unha duración de un ano, sendo renovado tacitamente de non terse manifestado en contra ningunha das partes.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

ceo

CONFEDERACIÓN  
EMPRESARIAL  
DE OURENSE

**OCTAVA.-** No caso de que calquera das partes decida denunciar este convenio deberá anunciárllo á outra co aló menos tres meses de antelación. As partes coñecen que, non obstante ao anterior, os proxectos específicos e actividades que, de ser o caso, estiveran desenvolvéndose no intre de declararse a conclusión e/ou rescisión deste convenio, continuarán desenvolvéndose ata a súa total conclusión baixo as bases que se acordaron en orixe.

**NOVENA.-** O incumprimento de calquera das obrigas contraídas por este convenio por unha das partes, facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa realizado.

**DÉCIMA.-** As partes poderán modificar este documento en calquera momento de mutuo acordo.

**UNDÉCIMA.-** Os acordos que se reflicten neste convenio, e nos programas específicos que se asinen, terán sempre carácter administrativo e de eles non se derivarán, en ningún caso, dereitos ou obrigas de carácter laboral.

**DUODÉCIMA.-** As cuestións litixiosas que xurdirían por mor da interpretación, modificación, resolución e dos efectos deste convenio serán resoltas en primeira instancia, pola comisión mixta paritaria. As que non puideran ser resoltas pola citada comisión, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**ceo**



CONFEDERACIÓN  
EMPRESARIAL  
DE OURENSE

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio marco en duplicado exemplar no lugar e data indicados ao comezo.

**POLA UNIVERSIDADE DE VIGO**

**O Reitor**  
**Salustiano Mato de la Iglesia**

**POLA CONFEDERACIÓN  
EMPRESARIAL DE OURENSE**

**O Presidente**  
**José Manuel Pérez Canal**

( )

( )